

**Acta da sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno
correspondente ó día 22 de novembro de 2019**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e dous de novembro do ano dous mil dezanove, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión extraordinaria urxente en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

Deputados/as:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doporto Real

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes:

D. José Manuel Baltar Blanco

D. Pablo Pérez Pérez

Tras a previa ratificación da urxencia da convocatoria desta sesión extraordinaria da Xunta de Goberno, acordada co voto favorable de todos os asistentes, motivada por problemas informáticos xurdidos no día da súa convocatoria, iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 8 DE NOVIEMBRE DE 2019.- A Secretaría Xeral deu traslado do

borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 8 de novembro de 2019.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 8 de novembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECINOS DEL PUEBLO

DE A ILLA.- No Pleno con data 28 de setembro de 2018, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2019, e con cargo á aplicación 450.12/789.01, a cantidade de 30.000 euros a favor da Asociación de Vecinos del Pueblo de A Illa, para acondicionamento do muro do campo da festa.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta favorable, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención á Asociación de Vecinos del Pueblo de A Illa, do termo municipal de Entrimo, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000 €.

-Obxecto: Acondicionamento do muro do campo da festa.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social. Así como licenza de obra concedida polo correspondente concello.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (114.600 euros). No suposto en que só se

xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES GALLEGAS DE LA REPÚBLICA ARGENTINA.-

No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12 unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor da Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina, para dixitalización de fondos.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención á Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000 €.

-Obxecto: Dixitalización de fondos correspondente ao ano 2019

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (20.000 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a

conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

4.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2019 (2º PERÍODO).- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial acordou, na sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2018, aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2019.

O artigo 7 apartado 4 da Ordenanza xeral desta Deputación Provincial, establece que a instrución do procedemento comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumpren cos requisitos esixidos para ser admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias e que dita instrución rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se proporá a admisión ou inadmisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, consonte coa acta-proposta da Comisión de Valoración, e de conformidade coa proposta favorable, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Non admitir a trámite, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

Por presentar as solicitudes fóra do prazo:

Asociación Deportivo-Cultural de Fomento dos Deportes de Inercia	G32407363	XIV Baixada de Carrilanas
--	-----------	---------------------------

2º) Excluir da valoración as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE SOLICITADA	MOTIVO EXCLUSIÓN OU NON VALORACIÓN
Escuelas Deportivas Artai (E.D.A)	Campionatos Galegos Oficiais de Kungfu Moderno 2019	Evento do primeiro semestre-Base 5ª-2-3
Fundación ADO Moure	XCO Estaciones Vivas-II Gran Premio	Evento do primeiro semestre-Base 5ª-2-3

3º) Realizar proposta de concesión, conforme á valoración efectuada, das subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	ACTIVIDADE	CIF	EUROS
Federación Galega de Bolos	Torneo Provincial de Ourense	V36650133	826,00 €
Federación Galega de Loita	Xornada Loitas olímpicas	G35651081	570,00 €
Escola Deportiva Ourense	Torneo Nadal Ourense 2019	G32313132	800,00 €
Club Ximnasia Escola Pavillon	XIII Torneo Nadal Ximnasia 2019	G32346751	980,00 €
Soc. Coop. Ltda.Guillélme Brown	XXIV Cross Guillélme Brown	F-32026346	569,00 €

Club Ciclista Maceda	Camp Galicia Descenso BTT 2019 Xunqueira de Espadañedo	G32028813	826,00 €
Club Ciclista Maceda	I Mini GH Xunqueira de Espadañedo	G32028813	346,67 €
Asociación Basket Ourense	VI Abp Day	G32215433	672,00 €
Asociac.Dep.Cult. OCR Allariz	OCR Allariz 2019	G32487381	4.033,33 €
A. Dep .C.D. Corredores do Miño	II Triatlón Olimpico Castrelo de Miño	G32467557	666,00 €
Club Dep. Ecuestre de Ourense	I Camp. Gallego Open Trail Hipica	G32324865	570,00 €
Club Volei Praia Milenio ourense	II Circuito Oira 2019(Volei Praia)	G32482572	1.973,33 €
Fed. Galega de Piragüismo	53 Edición Descenso do Sil 2019	G36040764	917,00 €
Asoc. Cancro de Páncreas Valdeorras	II Carreira-Andaina de las ciudades- Vilamatin de Valdeorras	G32502197	931,00 €
		TOTAL...	14.680,33€

4º.- Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases de convocatoria ata o día 15 de decembro de 2019.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN SAN ROSENDO.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/789.00 unha subvención nominativa, por importe de 400.000 euros, a favor da Fundación San Rosendo, para residencia terceira idade en Lobios.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:**

Aprobar unha subvención á Fundación San Rosendo, nos seguintes termos:

-Importe: 400.000 €.

-Obxecto: Residencia terceira idade en Lobios.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o

artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social. Así como licenza de obra concedida polo correspondente concello.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (3.925,053,55 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso

de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2020.

O dito prazo terá, por razóns orzamentarias da Deputación Provincial, carácter improrrogable.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/489.00 unha subvención nominativa, por importe de 50.000 euros, a favor da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes aos anos 2018-2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade correspondentes aos anos 2018-2019.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2019.

7.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA GASTOS DE INVESTIMENTO DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE OURENSE CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2019 (BOP N.º 113, DO 20 DE MAIO DE 2019).

Con data 9 de outubro de 2019, reuniuse a Comisión de Valoración do mencionado concurso e *formulou proposta provisional de resolución do concurso*.

Con data 17 de outubro de 2019 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

En tempo e forma, presentáronse as seguintes alegacións:

- Dona M.^a José Mangana Guede, presidenta da *Asociación de veciños O Forno de Sanguñedo* en relación o proxecto “Recuperación de forno”.

Así mesmo, presentaron renuncia ás propostas de subvencións realizadas pola Comisión de Valoración:

- Don Ángel Gómez Pazos, en representación da *Asociación Veciñal As Termas* para o proxecto “Mellora de climatización do centro social”.
- Dona Esther Souto Vázquez, en representación da *Asociación de MMRR Monterrei* para o proxecto “*Equipamento: reixa*” .
- Don Luís Iglesias Raña, en representación da *Asociación de veciños de Casar e Balboa de Lamas en Pena Corneira* para o proxecto “*Equipamento para realización de actividades en Lamas*”.

- M.ª José Mangana Guede, presidenta da *Asociación de veciños O Forno de Sanguñedo* en relación o proxecto “Recuperación de forno”

1) En canto á alegación presentada pola *Asociación de veciños O Forno de Sanguñedo* en relación o proxecto “recuperación de forno”, indícase o seguinte:

Por un lado, presenta a renuncia ao arranxo do forno e, por outro, presenta alegación sinalando o seguinte: “... *que por erro e descoñecemento incluíuse no anexo I da solicitude outro gasto de investimento (merca dunha grella, merca dun banco escano e merca de baules de madeira)*”; así mesmo, solicita que se teña en conta a solicitude por separado e achega novo orzamento.

A este respecto, cómpre advertir, que contrariamente ao que expresa na alegación, na solicitude de subvención indica unicamente como título do proxecto “recuperación do forno” cun orzamento total de 22.998,73 € e en ningún caso se fai referencia a solicitude de adquisición de bens inventariables; no anexo IV si desagrega recuperación do forno (ao que pon o importe da contía total solicitada de subvención e merca de grella, banco escano e baúl de madeira con indicación dos seus custos) e cuxa suma non coincide en absoluto co total do proxecto indicado no anexo I.

Ante estas contradicións e tendo en conta que o anexo IV forma parte da documentación valorable que non é emendable, na táboa de valoración púxose o total do proxecto indicado no anexo I da solicitude de subvención e cuxo título é recuperación do forno que é a finalidade para a que se concedeu a subvención.

Polo tanto, por un lado, tal e como se advirte de forma expresa nas bases da convocatoria, que a documentación valorable non é emendable, e por outro, que para a concesión da subvención se tiveron en conta os datos aportados polo solicitante, en ningún caso, se pode modificar o contido da dita solicitude.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, consonte coa acta-proposta da Comisión de Valoración, e de conformidade coa proposta favorable, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aceptar as renuncias ás subvencións indicadas na proposta de resolución provisional, presentadas don Ángel Gómez Pazos, en representación da *Asociación Veciñal As Termas* para o proxecto “*Mellora de climatización do centro social*”, dona Esther Souto Vázquez, en representación da Asociación de MMRR Monterrei para o proxecto “*Equipamento: reixa*”, don Luís Iglesias Raña, en representación da Asociación de veciños de Casar e Balboa de Lamas en Pena Corneira para o proxecto “*Equipamento para*

realización de actividades en Lamas”, e dona M. ^a José Mangana Guede, presidenta da Asociación de veciños O Forno de Sanguñedo en relación o proxecto “Recuperación de forno”.

2º) Desestimar a alegación presentada por dona M. ^a José Mangana Guede, presidenta da Asociación de veciños O Forno de Sanguñedo en relación ao proxecto “Recuperación de forno”, polos motivos indicados na parte expositiva da acta que figura na Sección de Subvencións.

3º) Excluir da valoración a seguinte solicitude polo motivo que se indica:

1.1 Por incumprir o disposto na base cuarta da convocatoria, ao non achegar parte da documentación valorable, feito que imposibilita a súa valoración:

	SOLICITANTE	CIF	CONCELLO	PROXECTO
1	Asociación de veciños Rezomilo	G32284853	Esgos	Adecuación de espazo público para creación de área recreativa e biosaludable
2	Asociación veciñal As Pedras	G32329591	Pontedeva	Adquisición de bens equipo
3	Sociedade Cultural Albor	G32008468	Ourense	Instalación de persiana motorizada para acceso a local

1.2 Por tratarse dunha actividade, na que, por un lado, incumpre o disposto na base primeira relativa ó obxecto subvencionable, ao non ter encaixe na presente convocatoria, xa que a maior parte dos gastos previstos no orzamento aportado, non teñen a finalidade de financiar gastos de investimento da asociación, e por outro lado, non achega parte da documentación valorable.

	SOLICITANTE	CIF	CONCELLO	PROXECTO
1	Asociación San Xulián de Portela	G32161564	Ourense	Proxecto cultural San Xulián

3º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

	SOLICITANTE	CIF	CONCELLO	PROXECTO	CONTÍA CONCEDIDA
1.	Asociación cultural comisión de festejos de Larouco	G32498032	Larouco	Equipación	3.758,44 €
2.	Asociación cultural de Prada	G32363582	O Barco de Valdeorras	Mobiliario para actividades lúdicas ao aire libre	467,78 €
3.	Asociación cultural Os Zanganos	G32497976	Verín	Equipamento de son	454,16 €

Verín					
4.	Asociación cultural veciños do Xurés	G32458556	Lobios	Rehabilitación fonte do gato e equipamento inmovible	4.602,90 €
5.	Asociación cultural de veciños Santa Olaia de Beiro	G32102451	Ourense	Mellora de Illamento do velorio	2.178,00 €
6.	Asociación cultural de veciños Santa Olaia de Beiro	G32102451	Ourense	Climatización de local da cafetería	2.420,00 €
7.	Asociación de amigos da cultura e do ocio "Aires Nossos"	G32369696	Verín	Adquisición estufa de pellets	1.540,00 €
8.	Asociación de veciños Neves de Grixoa	G32198665		Compra local para a asociación	3.908,96 €
9.	Asociación de mulleres rurais Fonte do Ouro	G32480675	Monterrei	Mobiliario para cociña	1.524,93 €
10.	Asociación de mulleres rurais Toural	G32399792	Verín	Equipamento para cociña	442,95 €
11.	Asociación de veciños "A Catanga"	G32222143	Baños de Molgas	Reparación paredes e teito	902,14 €
12.	Asociación de veciños "Portela"	G32107286	Bande	Barbacoa movable	619,86 €
13.	Asociación de veciños As Termas	G32334989	Ourense	Mellora equipamento centro social AAVV As Termas	900,00 €
14.	Asociación de veciños As Termas	G32334989	Ourense	Lonas centro social AAVV As Termas	555,39 €
15.	Asociación de veciños Bo Xesús de Ceboliño	G32221582	Ourense	Armario e mueble	1.761,65 €
16.	Asociación de veciños Casasoá San Mamede	G32309684	Xunqueira de Ambia	Parrillas	1.200,00 €
17.	Asociación de veciños Casasoá San Mamede	G32309684	Xunqueira de Ambia	Mobiliario	1.300,00 €
18.	Asociación de veciños Casasoá San Mamede	G32309684	Xunqueira de Ambia	Melloras local	1.983,18 €
19.	Asociación de veciños da comunidade da parroquia de San Xoan de Laza	G32253080	Laza	Pavimentación e instalación de pérgola	5.753,67 €
20.	Asociación de veciños da Esculqueira	G32194680	A Mezquita	Estufa Pellets	866,42 €
21.	Asociación de veciños de A Abeleda-Castro de Beiro	G32273922	Ourense	Millora equipamento informático	921,10 €
22.	Asociación de veciños de Almoite	G32142978	Baños de Molgas	Adquisición de bens mobles de carácter inventariable	1.033,00 €
23.	Asociación de veciños de Castro de Beiro	G32107310	Ourense	Equipo informático, material comedor	1.938,73 €
24.	Asociación de veciños de Flariz	G32122186	Monterrei	Mesas e bancos para a asociación	1.748,77 €
25.	Asociación de veciños de Grou	G32501371	Lobios	Acondicionamento de edificación para uso local social en Grou	5.719,42 €

26.	Asociación de veciños de Laroá	G32293219	Xinzo de Limia	Mellora local social	1.379,03 €
27.	Asociación de veciños de Parada de Piñor	G32032112	Barbadás	Mobiliario	2.245,00 €
28.	Asociación de veciños de Pelequín Catro Camiños	G32104572	Ourense	Sillas y mesas para local social	975,25 €
29.	Asociación de veciños de Rabo de Galo	G32104564	Ourense	Señalización local social Rabo de Galo	326,70 €
30.	Asociación de veciños de Rabo de Galo	G32104564	Ourense	Sillas, bancos e mesa local social asociación de veciños	786,50 €
31.	Asociación de veciños de San Lorenzo de Piñor	G32104333	Barbadás	Equipamento exterior parrilla e carpa portátiles	1.677,02 €
32.	Asociación de veciños de San Paio	G32175267	Castro Caldelas	Adquisición de terreo para ampliación de local social	451,44 €
33.	Asociación de veciños de Santa Mariña de Entrambosríos	G32161770	A Merca	Adquisición de mesas de pvc, para implantar en local social	500,00 €
34.	Asociación de veciños Laxas	G32031544	Ourense	Caldera extraflame de peles local social instalación eléctrica e lámparas led a carpa reparación e reforzo toldo teito carpa	3.276,42 €
35.	Asociación de veciños Loureiro	G32228777	Ourense	Suministro material informático	888,97 €
36.	Asociación de veciños Noso Pobo do Viso	G32488009	Ramirás	Merca de parcela e edificación ruínosa para sede social	2.687,67 €
37.	Asociación de veciños O Couto	G32128399	Ourense	Portatil Lenovo i7 8750H	880,00 €
38.	Asociación de veciños O Couto	G32128399	Ourense	Televisor	600,00 €
39.	Asociación de veciños O Couto	G32128399	Ourense	Proxector e pantalla	350,00 €
40.	Asociación de veciños Os Carballos	G32370173	Nogueira de Ramuín	Adquisición enseres varios	1.434,94 €
41.	Asociación de veciños San Adrián de Solveira	G32291924	Viana de Bolo	Adquisición de material para a realización de actividades formativas, lúdicas e recreativas	1.088,47 €
42.	Asociación de veciños San Andrés Zarracós	G32171506	A Merca	Adquisición de diverso equipamento para a asociación	1.550,12 €
43.	Asociación de veciños San Breixo de Seixalvo	G32117582	Ourense	Proxecto de dotación de mobiliario e equipamento para a AAVV San Breixo	4.068,27 €
44.	Asociación de veciños San Estevo	G32108722	Ourense	Mellora do local social	1.950,00 €

de Untes				de Untes	
45.	Asociación de Veciños San Martiño de Alongos	G32492480	Toén	Adquisición de bienes muebles para equipar local social	2.095,36 €
46.	Asociación de veciños San Miguel de Gudín	G32180408	Xinzo de Limia	Mobiliario casa do pobo de Gudín	2.652,27 €
47.	Asociación de veciños Santa María de Salamonde	G32035719	San Amaro	Cambio de pavimento de solo e paredes da casa do pobo	3.582,90 €
48.	Asociación de veciños Santa Mariña do Monte	G32224644	Ourense	Toldos plegables	2.575,28 €
49.	Asociación de veciños Tras Estación	G32285751	Ourense	Unha columna musical con altavoz Fonestar Malibu 215P, para uso dentro do local e actividades ó aire libre	269,99 €
50.	Asociación de veciños Tras Estación	G32285752	Ourense	Pintura do local e adaptación para cambio oficina atención o público, pintura e rotulación da persiana exterior que ocupa parte da fachada	1.409,19 €
51.	Asociación Fonval	G32256661	Barbadás	Equipamento cociña, menaxe 100 cadeiras e un televisor	3.678,21 €
52.	Asociación veciñal e cultural "O forno de Cristoble"	G32497182	Vilamarín	Equipamento para a asociación	2.033,77 €
53.	Asociación veciñal Quince de Agosto	G32399933	Ourense	Equipamento centro social	627,99 €
54.	Asociación veciñal Quince de Agosto	G32399933	Ourense	Mobiliario actividades e generador electricidade	1.256,50 €
55.	Asociación veciñal Santa Marta de Velle	G32033748	Ourense	Investimentos local social Touza	560,30 €
56.	Asociación Xuntanza Bergueira	G32181612	Amoeiro	Compra e instalación de mobiliario	1.912,90 €
57.	Asociación de veciños o Polvorín	G32109977	Ourense	Ordenador portátil	291,08 €
58.	Asociación de mulleres rurais os Picotiños	G32303877	Esgos	Adquisición de equipamento informático para a asociación de mulleres rurais os picotiños de Esgos	704,00 €
59.	Asociación de veciños Ribeira Miño	G32275000	Ourense	Mejora equipamento asociación	727,00 €
					99.993,96 €

4º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, ata o 15 de xaneiro de 2020.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e dous de novembro do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.